

# PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE



I.E.S. XESÚS FERRO COUSELO



Aprobado na CCP, Claustro e CE.



## ESTRUTURA DO PLAN

- 1- XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.
- 2- IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES.
- 3- DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS.
- 4- DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN A DIVERSIDADE.
- 5- DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.
- 6- CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.
- 7- MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN.
- 8- CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.
- 9- PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.
- 10- PROCESO DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.



## 1-XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

A Orde do 8 de setembro de 2021, que desenvolve o Decreto 229/ 2011, do 7 de decembro, polo que regula a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia no que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, da educación, establece que a diversidade é unha realidade social, en cada centro docente e comunidade educativa.

A resposta educativa, debe concretarse no Proxecto Educativo, en cada ensinanza, na coordinación docente, na atención a cada alumno/a, na oferta de recursos e medidas educativas, nos compromisos familiares e sociais de modo que todo o anterior contribúa ao máximo desenvolvemento persoal e social do alumnado, preparándoo para convivir e participar, de xeito autónomo, nunha sociedade democrática.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa as diferentes características, potencialidades e ritmos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais do alumnado implicando a toda a comunidade educativa.

O punto 1 do artigo único da Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, por a que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, nos apartados «a bis) e «b) establece o deber de garantir unha educación de calidade para a totalidade do alumnado, sen ningún tipo de discriminación e a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento persoal. Trátase dun sistema educativo inclusivo e de calidade que facilite o desenvolvemento persoal e social do alumnado que promova o acceso ao currículo en condicións de igualdade, na que conviven e enriquecécese alumno/as diferentes.

Tamén é preciso entender o currículo, nun sentido amplo, como todo que un centro docente pon ao dispor do alumnado para que aprenda e non so limitalo aos obxectivos, competencias, contidos, métodos pedagóxicos, criterios de avaliación e resultados da aprendizaxe; sendo eso preciso.

Debe terse en conta unha metodoloxía que integre os elementos seguintes: diversidade, inclusión, coordinación, participación, colaboración, tecnoloxía, innovación, avaliación, recuperación e relación co entorno e coas institucións.

Dentro da nova Orde tamén se lle da importancia ao desenvolvemento social e emocional, por ser aspectos que contribúen de forma relevante na conformación da identidade persoal, e a protección e promoción do talento.

En consecuencia, ningunha circunstancia persoal ou social pode ser motivo de discriminación á hora de organizar a atención educativa do alumnado. Os centros deberan ofrecer unha resposta que compense as diferenzas individuais de todo o alumnado, no marco dos principios de normalización e inclusión, dende a consideración da diversidade como un elemento enriquecedor para o conxunto da sociedade.

O Plan de atención a diversidade aparece recollido no Decreto 229/2011, do 7 de decembro que regula a atención á diversidade e na Orde do 20 de setembro do 21 que o desenvolve. Trátase dun documento destinado a articulación en cada centro docente da atención a diversidade.

O Departamento de orientación, ten que elaboralo e modificalo de acordo as directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica, coas achegas dos departamentos. Está proposta do Plan trasladarase ao Equipo Directivo que será responsable do seu desenvolvemento, seguimento e avaliación.



Ao comenzo do curso escolar, o departamento de orientación elaborará a proposta da concreción anual do Plan de Atención a Diversidade e o equipo directivo incorporará á programación Xeral Anual e velará polo seu cumprimento, avaliación e memoria.

## **CARACTERÍSTICAS DO CENTRO**

O Instituto de Educación Secundaria, Xesús Ferro Couselo, é un centro público, inaugurado no ano 1989, dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que imparte estudos obrigatorios e bacharelato nas modalidades de Ciencias e Tecnoloxía, Ciencias Sociais e Humanidades.

O Centro está situado nos arrabaldes do concello de Ourense, na rúa Ponte Sevilla nº 43; moi preto do pavillón de deportes Paco Paz e de Expourense.

A maior parte do alumnado do Centro vive no Concello de Barbadás, polo que utilizan o transporte escolar e o servizo de comedor dos luns (no momento que se recupere a presencialidade das clases da tarde en secundaria), que é o día que teñen clase pola tarde.

Moitos dependen das axudas da Consellería para comprar material escolar e teñen dereito a varios libros do fondo de libros polo que podemos dicir que o nivel medio da renda das familias do alumnado é media baixa.

Durante os últimos anos houbo un incremento considerable do alumnado e no curso actual conta cun total de 390 alumnos e alumnas: 286 de Secundaria e 104 de Bacharelato.

## **2- IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES**

No *artigo 3 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro*, enténdese por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

### **2.1- Alumnado con necesidade específica de apoio educativo**

Enténdese por alumnado con necesidade específica de apoio educativo, ANEAE, aquel que require unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar al menos unha das seguintes circunstancias:

- Necesidades educativas especiais.
- Atraso madurativo.
- Trastornos do desenvolvemento e da linguaxe e da comunicación.
- Trastornos da atención ou de aprendizaxe.
- Descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe.
- Por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa.
- Altas capacidades intelectuais.
- Incorporación tardía ao sistema educativo.
- Condicións persoais ou de historia escolar.

### **2.2- Procedemento para a identificación e valoración das necesidades educativas.**

#### **Acción preventiva**

A identificación e valoración das necesidades educativas do alumnado levarase a cabo o máis pronto posible, iniciándose a resposta educativa que proceda dende que esas necesidades sexan detectadas.



Tanto a detección como a intervención realizarase dende un enfoque interdisciplinar e interinstitucional, así colaboraran o profesorado titor, o equipo docente, os servizos de orientación, os equipos directivos, as nais, os pais, os titores legais, os servizos sanitarios, os servizos sociais e tódalas persoas ou institucións que teñan esas actuacións entre as súas funcións.

O Departamento de Orientación será o encargado de coordinar ditas actuacións.

### **Avaliación Inicial**

A avaliación inicial é fundamental para a prevención na atención a diversidade, especialmente co alumnado de necesidade específica de apoio educativo. Será realizada polo equipo docente baixo a coordinación do profesorado titor, coa información aportada pola familia e o departamento de orientación.

Afecta a tódolos niveis, será revisada trimestralmente e implementaranse medidas en calquera momento se xorden novas necesidades.

### **Alumnado de 1º de ESO procedente dos centros adscritos de Educación Primaria.**

Para facilitar a transición e mellor adaptación do alumnado de Primaria a Secundaria o centro ten establecido un plan de actuación que se desenvolve nos tres trimestres e que afecta a alumnado, familias e centros. Este proxecto está incluído no Plan Estratéxico de Mellora (Pode ser consultado unha vez aprobado en xuño de 2023).

O departamento de orientación ten un papel activo neste plan de acompañamento a través de varias reunións ao longo do curso:

- a primeira como previsión e planificación das necesidades do curso seguinte ten como obxectivo pedir os recursos persoais e materiais que se podan precisar.
- unha segunda para compartir información sobre o alumnado e facer os grupos (Recolleranse datos académicos importantes como o grao de desenvolvemento dos obxectivos da etapa e as medidas de atención a diversidade aplicadas. Tamén as recomendacións para o curso seguinte: exención da segunda lingua estranxeira, horas de atención das especialistas de pedagogía terapéutica e de audición e linguaxe, reforzo ou adaptación curricular.)
- unha terceira ou sucesivas para aqueles casos que precisen unha atención máis individualizada.

Unha vez comenzado o curso faranse as seguintes actuacións:

- Revisión do expediente académico.
- Solicitud de información a outras institucións, se fose necesario. (Saúde mental, servizos sociais, etc.)
- Revisión das medidas empregadas e valoración da súa continuidade (Especialmente si as medidas adoptadas son reforzo ou ACI).
- Intervención dos especialistas de PT e de AL.
- Reunións individuais coas familias cando sexa necesario.

### **Alumnado doutros cursos da ESO e Bacharelato que se matriculan por primeira vez no centro.**

Con este tipo de alumnado faranse sempre unha revisión do expediente académico e a solicitude de información ao centro de procedencia.

De ser preciso, dita información ampliarase cunha solicitude a outras institucións (Servizos Sociais, Servizo de Menores, Saúde Mental) que interveñen con alumnado que se atopa en



situación social ou persoal desfavorable ou de risco e realizárase unha avaliación psicopedagóxica en caso de que necesite algunha medida extraordinaria.

**Avaliación Psicopedagóxica (artigo 13 da Orde do 8 de setembro de 2021, do 7 de decembro).**

Enténdese por avaliación psicopedagóxica ou psicoeducativa, o proceso sistematizado de recollida, análise e valoración da información relevante do alumnado, do seu contexto escolar, sociofamiliar e elementos que interveñen no proceso de ensino e aprendizaxe, coa finalidade de identificar o desenvolvemento persoal e social, competencias adquiridas e necesidades educativas que poida presentar determinado alumnado para poder fundamentar e concretar as propostas e decisións sobre a resposta educativa máis axeitadas as súas necesidades. Entre elas a modalidade de escolarización máis axeitada, determinación de recursos necesarios, apoios específicos, propostas de medidas de atención a diversidade necesarias.

É competencia da xefatura do departamento de orientación coa colaboración do Equipo Docente e co asesoramento do Equipo de orientación Específico, de ser necesario.

Levarase a cabo nas seguintes situacións:

- Existencia dalgún tipo de discapacidade, trastorno ou circunstancia que afecte ao seu desenvolvemento xeral ou a súa capacidade de aprendizaxe. Tamén se existiran indicios de altas capacidades.
- Necesidade dalgunha medida extraordinaria de atención a diversidade.
- Necesidade de recursos educativos complementarios ou apoios especializados de difícil xeneralización.
- Ditame de escolarización.
- Circunstancias excepcionais ou demanda a Administración educativa.

### **3- DETERMINACIÓN DE OBXECTIVOS**

Como obxectivos xerais sinalaremos os seguintes:

1. Articular as medidas educativas que teñen como finalidade adecuar a respostas ás diferentes características, necesidades, ritmos, preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais para que todo o alumnado acadase o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional.
2. Axudar ao alumnado a desenvolver as competencias básicas e acadar os obxectivos establecidos nas distintas ensinanzas que se imparten no centro, adecuando o proceso de ensino aprendizaxe as súas características e ao seu desenvolvemento persoal e social.
3. Considerar a diversidade como un valor, como un elemento enriquecedor do centro. Isto significa non so ter en conta as diferenzas senón tamén aproveitar tódalas potencialidades de cada persoa para se sintan plenamente incluídas.

A partir dos anteriores dedúcense os obxectivos específicos seguintes:

- Diseñar e por en práctica accións preventivas e de detección temperá, garantindo un tratamento educativo personalizado e adaptado á realidade do alumnado
- Diseñar, planificar e desenvolver medidas de tipo organizativo e curricular que permitan responder ás características e necesidades.
- Determinar e organizar os recursos persoais e materiais cos que conta o centro para dar resposta ás necesidades educativas.
- Empregar os recursos tecnolóxicos como outras formas de achegamento ao currículo.



- Asegurar o acceso ao currículo para o alumnado con necesidades educativas especiais e con dificultades específicas de aprendizaxe, de acordo cos principios de normalización e inclusión.
- Implicar a todo o profesorado no desenvolvemento das medidas de atención a diversidade, no ámbito que lle corresponda, fomentando a colaboración, coordinación e traballo en equipo.
- Regular as canles de colaboración entre o centro educativo e outras institucións e organismos externos co fin de optimizar a resposta á diversidade.
- Fomentar a cooperación entre o profesorado e as familias, promovendo o intercambio de información para garantir o éxito na aplicación e desenvolvemento das medidas aplicadas

#### **4- DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN A DIVERSIDADE.**

*O artigo 7 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro* di que as medidas de atención á diversidade son actuacións, estratexias e programas destinados a proporcionar unha resposta axustada as necesidades educativas.

Poden ser clasificadas en dous grupos:

- Medidas ordinarias.
- Medidas extraordinarias.

##### **4.1- MEDIDAS ORDINARIAS**

Son aquelas que facilitan a adecuación do currículo preceptivo sen alteración significativas dos seus obxectivos, contidos nin criterios de avaliación.

Estas son:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro e da organización e xestión da aula as características do alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas ao contorno e alumnado.
- Adaptación de tempos, instrumentos e procedementos de avaliación.
- Aulas de atención educativa e de convivencia.
- Desdobramentos de grupos.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Programas de enriquecemento curricular.
- Plan específico de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias suspensas.
- Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso.
- Programa de habilidades e competencias sociais.

##### **4.2- MEDIDAS EXTRAORDINARIAS**

Considéranse como tales as medidas dirixidas a dar resposta as necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo ou nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.

Aplícanse unha vez esgotadas as medidas de carácter ordinario.

Estas medidas son:



- Adaptacións curriculares.
- Agrupamentos flexibles.
- Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.
- Flexibilización da duración do período de escolarización nas etapas de educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria.
- Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato.
- Programas de diversificación curricular.
- Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada a o centro docente. Trátase de alumnado que por prescripción médica non poda asistir con regularidade, durante un período prolongado, ao centro educativo. Nestes casos a atención educativa pode ser: hospitalaria, domiciliaria presencial ou domiciliaria virtual.
- Atención educativa ao alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade penal.
- Atención educativa a alumnado sometido a medidas de protección e tutela.
- Atención educativa a alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar.
- Atención educativa ao alumnado pertencente a familias itinerantes.
- Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro.
- Grupos de adquisición de linguas.
- Grupos de adaptación da competencia curricular.
- Atención educativa a mozas embarazadas.

## **5- DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.**

No momento no que se detecten as dificultades aplicaranse as medidas de atención á diversidade correspondentes para dar resposta a esas necesidades; sendo moi importante a detección temperá.

Canto antes se detecten as dificultades e se tomen as medidas mellores serán os resultados.

### **Criterios xerais para organizar a atención a diversidade**

A atención á diversidade ten en conta os principios de normalización, inclusión, equidade, igualdade de oportunidades e a non discriminación. Tamén inclúe os de flexibilidade, interculturalidade e promoción da convivencia fomentando a participación da comunidade educativa.

As medidas de atención a diversidade terán como finalidade dar resposta as necesidades educativas do alumnado para a consecución das competencias clave e os obxectivos da etapa.

Estas medidas aplicaranse sempre partindo das medidas ordinarias e unha vez esgotadas pasarase á aplicación das extraordinarias.

### **Medidas ordinarias:**

Adecuación da estrutura organizativa do centro e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Grupos heteroxéneos en canto a rendemento, sexo, nacionalidade, etc.</li> <li>- Reparto equitativo do alumnado repetidor e de promoción obrigada.</li> <li>- Teranse en conta as recomendacións dos equipos do-</li> </ul>
--	---





	<p>centes do curso anterior e dos departamentos de orientación implicados.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Distribución equitativa do ANEAE, procurarase a optimización dos recursos.</li> <li>- Sempre que a familia non solicite o contrario, os xermellos ou irmáns que coincidan no mesmo nivel educativo, escolarizaranse en diferentes grupos.</li> <li>- O alumnado de nova incorporación, unha vez iniciado o curso, irá ao grupo con menor nº de alumnado, se as optativas elixidas o permiten.</li> <li>- O alumnado que precise atención dos especialistas de PT e de AL serán atendidos preferentemente dentro da aula. De non ser posible, irán a aula específica ou aos desdobres.</li> <li>- A partir de 4º de ESO, as materias elixidas condicionan a formación de grupos. Os criterios pedagóxicos teranse en conta sempre que sexa posible.</li> </ul>
<p>Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e as circunstancias do seu contorno.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Adaptación por parte do profesorado das programacións da súa materia as necesidades e características do alumnado coa colaboración do departamento de orientación, si se considera necesario.</li> <li>- Teranse en conta os seguintes aspectos: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Características do alumnado e necesidades educativas.</li> <li>• Medidas ordinarias ou extraordinarias.</li> <li>• Os criterios xerais sobre a metodoloxía. (Recollidos, na <i>Concreción Curricular, no apartado d</i>).</li> <li>• Materias didácticos.</li> <li>• Avaliación.</li> <li>• Coordinación coas familias.</li> </ul> </li> </ul>
<p>Adaptación de tempos, instrumentos e procedementos de avaliación.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O profesorado adaptará os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación de cada materia as circunstancias do alumnado, sobre todo, no caso de ANEAE.</li> <li>- Respetaranse as propostas en relación a avaliación da concreción curricular; e prestarase atención as recollidas nos proxectos, guías e protocolos da consellería.</li> </ul>
<p>Aulas de atención educativa e de convivencia.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Nelas atenderase temporalmente ao alumnado que impida o normal desenvolvemento do traballo dunha sesión lectiva seguindo o Protocolo de actuación recollido nas <i>NOF anexo I</i>. (Protocolo e modelos da aula de</li> </ul>



	<p>convivencia ).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Terán que ir con tarefas, postas e corrixidas polo profesorado que o remita.</li> <li>- A permanencia non excederá a sesión lectiva na que se produce.</li> <li>- Desenvolverán tamén actividades de habilidades e competencias sociais, si así se determina.(<i>Artigo 53 da Orde AD</i>)</li> </ul>
<p>Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Esta medida afecta a secuencia de contidos, formas e instrumentos de avaliación, organización da aula e metodoloxía.</li> <li>- Os contidos a desenvolver debe indicalos o profesor que imparte a materia informando tanto ao profesorado como as familias.</li> <li>- Levarase a cabo no contexto escolar ordinario. Nalgúns casos podería contar coa colaboración de profesorado de dispoñibilidade horaria que podería apoiar ó conxunto da aula.</li> <li>- O reforzo no noso centro faise dentro e fóra da aula, colaborando o profesor da materia e o mestre/a de PT ou de AL,</li> <li>- A final de curso elaborárase un informe individual segundo o modelo do <i>anexo I da Orde AD</i>).</li> <li>- Estas medidas reflectiránse sempre nos documentos oficias de avaliación.</li> </ul>
<p>Programas de enriquecemento curricular.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Programas de tratamento individualizado para o alumnado que presenta altas capacidades.</li> </ul>
<p>Plan específico de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Este alumnado deberá seguir un plan de reforzo para a recuperación e superación desas materias seguindo os criterios e o modelo de información ás familias recollido na <i>Concrección Curricular no apartado h</i>).</li> <li>- Será elaborado polo profesor que imparte a materia baixo as directrices do correspondente departamento didáctico co coñecemento do profesor tutor.</li> <li>- Deberá adaptarse as peculiaridades de cada alumno /a.</li> <li>- Deberá incluír:             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificación do alumnado</li> <li>- Información relevante sobre a materia que ten que superar.</li> <li>- Currículum para desenvolver e especificación dos criterios de avaliación.</li> <li>- Estratexias metodolóxicas.</li> <li>- Recursos.</li> </ul> </li> </ul>



	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Tarefas para realizar, coa debida temporalización.</li> <li>- Seguimento e avaliación.</li> <li>- Acreditación da información a familia.</li> <li>- En cada avaliación farase o seguimento deste plan e realizaranse os axustes e modificación que proceda.</li> <li>- Na avaliación final, decidírase se o plan de reforzo foi avaliado positivamente.</li> </ul>
<p>Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Deben seguir un plan específico personalizado coa finalidade de adaptar as condicións curriculares ás necesidades dese alumnado, para superar as dificultades detectadas. Os criterios e modelo para información ás familias aparece na <i>Concreción Curricular no apartado i</i>).</li> <li>- Debe conter:             <ul style="list-style-type: none"> <li>-Identificación do alumno/a.</li> <li>-Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.</li> <li>-Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.</li> <li>-Metodoloxía.</li> <li>-Recursos.</li> <li>-De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.</li> <li>-Acreditación da información a familia.</li> </ul> </li> <li>- En cada avaliación farase o seguimento deste plan e realizaranse os axustes e modificación que proceda.</li> </ul>
<p>Programa de habilidades e competencias sociais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aparece no <i>Plan de Convivencia do centro, apartado de medidas, punto 4.3.1.</i></li> </ul>
<p>Exención da segunda lingua estranxeira.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Para alumnado de 1º e 2º de ESO, con dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe sobre todo nés materias lingüísticas.</li> <li>- Os centros de primaria fan a proposta a través dun informe do profesorado titor. Esa información apórtase ao IES.</li> <li>- De empezado o curso, na avaliación inicial e na 1º avaliación, se se detectan dificultades; tamén se fará a proposta para non cursar a segunda lingua estranxeira e levar reforzo apoio.</li> <li>- Se o alumnado se incorpora noutro momento, e se detectan dificultades, poderase adoptar esta medida de xeito excepcional.</li> </ul>



## Medidas extraordinarias

Adaptacións curriculares.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Dirixidas ao alumnado con necesidades educativas especiais, excepcionalmente, ao restante alumnado con necesidade específica de apoio educativo.</li> <li>- Require modificacións significativas do currículo ordinario. Afectan aos elementos prescriptivos. Pode ser por ampliación ou redución, supresión.</li> <li>- Cambios esenciais no ámbito organizativo.</li> <li>- Pode ser tamén nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.</li> <li>- Aplícase logo de esgotadas as medidas de carácter ordinario, ou por resultar estas insuficientes.</li> <li>- O departamento de orientación fará unha avaliación psicopedagóxica.</li> <li>- Axustaranse ao nivel de competencia curricular do alumno/a ao seu desenvolvemento ou potencial de aprendizaxe e as súas características persoais ou sociais.</li> <li>- Pártese do currículo de referencia, entendido este como o do ciclo ou nivel no que está escolarizado o alumno/a, para chegar ao adaptado entendido como o que conforma a adaptación curricular que se vai desenvolver ao longo do curso.</li> <li>- A familia será informada e quedará constancia por escrito da recepción da información e da resposta dada.</li> <li>- Levaranse a cabo na medida do posible, no contexto da aula ordinaria.</li> <li>- A avaliación do alumnado nas materias adaptadas realizarase por parte do profesor que a imparte coas achegas do profesorado de apoio.</li> <li>- Os referentes da avaliación do alumnado con AC serán incluídos na devandita adaptación, sen que isto lles impida a promoción ou titulación.</li> </ul>
Agrupamentos flexibles.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Son agrupamentos temporais para aquel alumnado que presente dificultades en determinadas áreas nas que necesite atención individualizada.</li> </ul>
Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A intervención destas especialistas debe entenderse como un recurso dirixido especialmente á atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais, sen prexuízo de que excepcionalmente poda atender outro alumnado con necesidade específica de apoio educativo.</li> <li>- A atención docente directa por parte deste profesorado será con carácter xeral, dentro da aula ordinaria. Fóra da aula esa atención terá carácter excepcional.</li> <li>- A atención do alumnado farase cunha distribución das horas á semana equilibrada, non poderá exceder das 10 ho-</li> </ul>



	<p>ras/semana e nunca poderá ser a totalidade das horas dunha materia.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Poderá desenvolverse con carácter xeral en pequeno grupo, cun máximo de 5 alumnos/as. (<i>artigo 57.4 ORD</i>).</li> <li>- Este profesorado, ao final de curso, elaborará un informe de cada alumno/a e unha memoria final que entregará a xefatura do departamento de Orientación.</li> </ul>
<p>Flexibilización da duración do período de escolarización nas etapas de educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria.</p>	<p>- Se se dese o caso remitiríamonos ao <i>artigo 58 da ORD</i>.</p>
<p>Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato.</p>	<p>- Se se dese o caso remitiríamonos ao <i>artigo 59 da ORD</i>.</p>
<p>Programas de diversificación curricular.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Consisten nunha modificación ou adaptación do currículo en 3º da ESO e / ou 4º.</li> <li>- Orientado a consecución do título de Graduado en Educación Secundaria.</li> <li>- Destinado ao alumnado con dificultades relevantes de aprendizaxe que anteriormente recibira medidas de atención á diversidade.</li> <li>- Terá unha metodoloxía específica cunha organización en ámbitos de coñecemento e unha duración máxima de dous cursos.</li> <li>- Os grupos terán un mínimo de 5 e un máximo de 10 alumnos/as.</li> </ul>
<p>Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro docente por prescrición médica.</p>	<p>- Diferenciamos tres tipos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Atención educativa domiciliaria.</b> Para alumnado que deba permanecer convalecente no domicilio por un tempo superior a un mes ou para o que padeza algunha doenza crónica que sexa a causa de faltas de seis ou máis días continuados, dentro dun período mínimo de 6 meses. Esta atención sométese a revisión, polo menos en cada avaliación, co obxecto da reincorporación, o antes posible, ao ensino presencial de xeito gradual ou parcial.</li> <li>- <b>Atención educativa hospitalaria</b> Para o alumnado que debe estar ingresado nun centro hospitalario.</li> <li>- <b>Atención educativa virtual (alumnado vulnerable).</b> O destinatario será alumnado vulnerable, ou o que por ter familiares convivintes vulnerables non acuda ao centro docente como consecuencia dunha emerxencia sanitaria.</li> </ul>



<p>Atención educativa ao alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade penal.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ten consideración de alumnado con necesidade específica de apoio educativo polas súas condicións persoais ou de historia escolar.</li> <li>- No caso de que as decisións xurídicas afecten a súa escolarización garantírase o seu dereito a atención educativa que se estableza na correspondente resolución xudicial.</li> <li>- O residente nos centros de menores recibirá unha atención que favoreza o seu desenvolvemento persoal, que contribúa a súa reinserción social e dea continuidade ao seu proceso educativo.</li> <li>- Ofreceránselle as medidas de atención a diversidade que correspondan.</li> <li>- Unha vez finalizado o réxime de internado garantírase a incorporación ao centro docente.</li> <li>- No centro escolar a persoa titora, co asesoramento do departamento de orientación, adoptará as medidas que favorezan a inclusión deste alumnado e manterá unha colaboración estreita con todos os docentes, incluídos os dos Centros de Menores.</li> <li>- Usarase a aula virtual e o correo electrónico para intercambio de información.</li> </ul>
<p>Atención educativa ao alumnado sometido a medidas de protección e tutela.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Este alumnado debe contar con medidas de protección que garantan a súa escolarización e o seu desenvolvemento integral. Considerarase como ANEAE polas súas condicións persoais ou de historia escolar.</li> <li>- No noso centro mantense unha boa coordinación co persoal que os atende e deséñanse actividades que promoven a participación, autoconñecemento e autoestima, aspectos todos eles necesarios para lograr a súa inclusión.</li> </ul>
<p>Atención educativa ao alumnado afectado por medidas de violencia de xénero.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Considérase aquel alumnado afectado por medidas nos termos que se establecen <i>no artigo 5 da Lei 11/2007 do 27 de xullo para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero</i>. O noso centro participa na mesa contra a violencia de xénero do Concello de Barbadás.</li> <li>- É ANEAE polas súas condicións persoais ou de historia escolar.</li> <li>- Nestes casos terase en conta:             <ol style="list-style-type: none"> <li>1. A súa escolarización nos casos de cambio de centro.</li> <li>2. A continuidade do seu proceso educativo, adoptando as medidas de atención educativa que procedan.</li> <li>3. Os aspectos que favorezan o seu desenvolvemento persoal e social.</li> </ol> </li> </ul>



<p>Atención educativa ao alumnado afectado por acoso escolar.</p>	<p>- Segundo <i>artigo 28 da Lei 4/2011, do 30 de xullo da convivencia e participación da comunidade educativa</i>, considérase acoso escolar calquera xeito de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno/a por outro ou outra, sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social con independencia do lugar onde se produza. Teñen a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar (<i>punto 2 do artigo 65</i>).</p> <p>- Considérase ANEAE polas condicións persoais ou de historia escolar.</p> <p>- No noso centro as medidas de prevención son :</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. A resolución pacífica de conflitos a través da mediación escolar e os compromisos educativos.</li> <li>2. As charlas de concienciación impartidas por persoal do centro (titores/as, departamento de orientación, alumnado) ou persoal externo (Plan director para a convivencia, Cruz Vermella, etc. ).</li> </ol>
<p>Atención educativa ao alumnado pertencente a familias itinerantes</p>	<p>- Alumnado que por razóns socioeconómicas non pode asistir de forma continuada ao mesmo centro docente. E considerado ANEAE polas súas condicións persoais ou de historia escolar.</p> <p>- Prestarase especial atención á inclusión deste alumnado poñendo a súa disposición as medidas de atención a diversidade que precise e os servizos complementarios de transporte e comedor.</p> <p>- Cando se volvan a trasladar, o centro de orixe enviará a información pertinente ao centro de destino logo da petición deste.</p>
<p>Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro.</p>	<p>- Terá consideración de ANEAE polas súas condicións persoais ou de historia escolar.</p> <p>- Poderá participar nun grupo de adquisición de linguas ou de competencia curricular.</p> <p>- Procedemento para a adopción de medidas:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Cando se incorpore ao centro farase unha avaliación inicial, e si se considera necesario, unha avaliación psicopedagóxica.</li> <li>2. Tendo en conta o anterior, e a necesidade de facilitar a inclusión e socialización, acordaranse as medidas educativas precisas (<i>Artigo 67 da ORD</i>).</li> <li>3. Se o desfase é máis de 2 cursos poderase escolarizar nun curso inferior ao que lle corresponda por idade.</li> <li>4. Finalmente farase a comunicación ao Servicio Territorial de Inspección Educativa e informarase a fami-</li> </ol>



	lia.
<p>Grupos de adquisición de linguas.</p>	<p>-Para aquel alumnado procedente do estranxeiro que descoñeza as dúas linguas oficiais de Galicia.          -Teñen como obxectivo a formación inicial nas linguas vehiculares do ensino para posibilitar a incorporación as actividades de aprendizaxe pertencentes ao curso no que estean escolarizados.          -Duran, como máximo, un trimestre.          -O alumnado deberá pertencer a unha mesma etapa educativa sen necesidade de estar escolarizado nun mesmo curso ou nivel.          -Deberá permanecer no seu grupo ordinario nas áreas ou materias que máis favorezan a súa inclusión.          -O horario semanal máximo, do alumnado dentro do grupo de adquisición de linguas, será de 24 períodos lectivos.          -Estes períodos deberanse reducir a medida que o alumnado vaia progresando na adquisición das linguas.          -O profesorado encargado da adquisición das linguas pertencera preferentemente as especialidades de carácter lingüístico, deberá contar con dispoñibilidade horaria e coordinarse co profesorado titor contando sempre co asesoramento do departamento de orientación.          -A avaliación será continúa, faraa o profesorado encargado do agrupamento e servirá de referente para a toma de decisións.          -Os pais e titores legais serán informados do progreso na adquisición das linguas.          - Procedemento.          A dirección enviará a solicitude ao Servicio Territorial de Inspección Educativa achegando a seguinte documentación:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Informe xustificativo do/a profesor/a titor/a.</li> <li>2. Listaxe do alumnado que conforma o grupo.</li> <li>3. Relación do profesorado encargado da docencia do grupo.</li> <li>4. Acreditación da información as familias.</li> <li>5. Especificación do período de tempo.</li> </ol> <p>Finalmente o centro recibirá a resposta do Servicio Territorial de Inspección Educativa.</p>
<p>Grupos de adaptación da competencia curricular.</p>	<p>-Para alumnado procedente do estranxeiro que non contando con adaptación curricular presente un desfase de dous ou máis cursos con respecto ao grupo que estea escolarizado nas materias instrumentais (linguas e matemáticas).          - O obxectivo é a adquisición da competencia curricular que permita a plena incorporación ás actividades de aprendizaxe do curso no que estea escolarizado/a.</p>





	<p>- A decisión de incorporación tomarase logo da avaliación inicial por parte do profesorado é, de ser preciso, despois dunha avaliación psicopedagóxica realizada polo departamento de orientación.</p>
<p>Atención educativa as mozas embarazadas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Esta atención está destinada a facilitar a educación das menores durante o embarazo e nos dous anos posteriores ao parto.</li> <li>- Considéranse ANEAE polas súas condicións persoais ou de historia escolar.</li> <li>- Os centros docentes adecuarán os procesos de ensino aprendizaxe as súas necesidades.</li> <li>- Terán dereito á atención domiciliaria durante o proceso de xestación se precisaran repouso por prescrición médica.</li> <li>- Os centros docentes, tanto no proceso de xestación coma nos dous anos posteriores, adaptaran as datas e horas das probas de avaliación das persoas proxenitoras.</li> <li>- O equipo docente, en colaboración co departamento de orientación, potenciará a comunicación e o vínculo educativo para evitar un posible abandono temperá.</li> <li>- Poderanse empregar os medios telemáticos que permitan un aproveitamento dos procesos de ensino aprendizaxe. Tamén, de ser o caso, poderíase continuar na educación a distancia mediante traslado provisional de matrícula, mantendo a praza educativa no centro de procedencia.</li> <li>- O departamento de orientación informará das redes de apoio no seu contorno.</li> <li>- Facilitaranse as entradas e saídas no período de lactación.</li> <li>- Serán faltas xustificadas as ausencias ao centro docente por actividades de preparación ao parto así como as derivadas deste, tamén a asistencia ao médico co/a fillo/a.</li> </ul>

## 6- CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.

### EQUIPO DIRECTIVO

Incorporación do plan de atención a diversidade ao Proxecto Educativo do Centro.

### DIRECCIÓN

Trasladar as propostas de autorización das medidas de atención á diversidade (adaptacións curriculares, agrupamentos, programas de diversificación curricular, flexibilización, atención educativa hospitalaria e domiciliaria, etc) á Xefatura Territorial e/ou á Inspección Educativa.

Conceder a exención da segunda lingua estranxeira.



## XEFATURA DE ESTUDOS

Coordinar a actividade docente, formar os grupos, supervisar os procesos de avaliación, as adaptacións curriculares, as actividades de recuperación e a detección temperá das necesidades.

Coordinar e facilitar a colaboración entre o departamento de orientación e o profesorado para determinar a selección do alumnado dos diferentes programas.(Diversificación curricular, FPB, agrupamentos, etc).

## PROFESORADO TITOR

Desenvolver actividades do plan de acción tutorial.

Coñecer as características do alumnado.

Coñecer os aspectos da situación familiar que repercuten no rendemento e na aprendizaxe.

Seguimento dos procesos de ensino aprendizaxe para detectar as dificultades e necesidades do alumnado para dar a mellor resposta.

Informar ao equipo docente das características do alumnado.

Coordinar os procesos de avaliación.

Colaborar no desenvolvemento das adaptacións curriculares do grupo.

Comunicar á xefatura do departamento de orientación a necesidade da súa intervención.

Elaborar, en colaboración da xefatura do departamento de orientación, os informes individualizados, tramitar as solicitudes das medidas que as requiran como a exención da segunda lingua estranxeira e cubrir os consellos orientadores en 2º e 4º da ESO.

## PROFESORADO

Adequar as programacións didácticas ao contorno educativo e características do alumnado.

Detectar e comunicar nas avaliacións as necesidades educativas que perciban.

Poñer en práctica metodoloxías que fomenten a aprendizaxe e a inclusión.

Elaborar e desenvolver as medidas de reforzo educativo.

Colaborar no proceso de avaliación psicopedagóxica do alumnado, a través da observación e información dos aspectos máis relevantes.

Participar na proposta do alumnado que cumpra as características para incorporarse aos diferentes programas de atención á diversidade.

Participar no proceso de avaliación do alumnado.

Elaborar e desenvolver as adaptacións curriculares.

## DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Valorar as necesidades educativas no ámbito da orientación, e deseñar, desenvolver e avaliar os programas de intervención.

Participar nas avaliacións e no desenvolvemento das medidas de atención á diversidade.

Participar nas actividades de tutoría e orientación.

Colaborar co profesorado titor na elaboración do informe para solicitar a exención da 2ª lingua estranxeira.



Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos/as seus/súas fillos/as.

## XEFACTURA DO DEPARTAMENTO

Redactar o Plan Xeral de Atención a Diversidade, a concreción anual e a memoria.

Realizar a avaliación psicopedagóxica para as adaptacións curriculares significativas, para prestar atención directa dos especialistas de PT e AL ao ANEAE, para a incorporación do alumnado á diversificación curricular e para a flexibilización da duración do período de escolarización.

Establecer canles de comunicación cos diferentes servizos ou institucións no ámbito das súas competencias.

## PROFESORADO DE PT E AL

Prestar atención directa ao ANEAE.

Orientar a dito alumnado e ao profesorado que lle imparta docencia e as familias sobre aquelas cousas de interese que favorezan o seu desenvolvemento.

Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares, dos reforzos e das medidas de atención á diversidade.

## **7- MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN.**

### MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS

As xuntanzas periódicas dos distintos órganos colexiados (CCP, Claustro e CE) e as reunións entre docentes, orientación e o equipo directivo (titores dun nivel, docentes dun grupo, membros/as dun departamento didáctico) son as canles internas de colaboración no centro escolar que se ven reforzadas polas distintas canles de comunicación:

- reunións presenciais ou por videoconferencia
- web do centro
- correo electrónico
- teléfono
- aula virtual
- redes sociais (instagram, telegram, whatsapp)

### MECANISMOS DE COLABORACIÓN COS CENTROS ADSCRITOS

A colaboración cos centros adscritos, especialmente cos dous de primaria, faise durante os tres trimestres, con actividades no instituto ou nos colexios que involucran ao alumnado, as familias e aos docentes.

No primeiro trimestre faranse as seguintes actividades:

1. Titorización do alumnado de 1º ESO por parte de alumnado voluntario formado previamente.
2. Primeira visita ao instituto do alumnado que se incorporará participando nunha actividade lúdica e as charlas para as familias.



3. Contacto entre centros para tratar de unificar o festivo e traslado de información, entre os departamentos de orientación, sobre o alumnado, si fose preciso.

No segundo trimestre, antes do período de reserva, visítanse os centros adscritos e se teñen as xornadas de portas abertas para as familias.

No terceiro trimestre realizarase a maior parte do plan de transición entre etapas, Alumnado-Titor, e se reúne a xefatura de estudos, orientación e titores de primaria para o traspaso de información sobre o alumnado con praza no centro para o curso seguinte.

## **8- CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.**

Para a optimización do proceso de ensino aprendizaxe é moi importante a colaboración entre as familias e o profesorado. Esta colaboración mellora a autonomía, o esforzo e a autoestima do alumnado e facilita a convivencia no centro educativo.

Por outro lado, a lei establece que é obriga dos pais, nais e titores legais, colaborar co centro docente e co profesorado en todo o que teña que ver coa educación dos/as seus/súas fillos/as.

A colaboración das familias co centro farase de varias formas:

1. Colaborarán no proceso de avaliación inicial, a través dunha reunión co profesorado titor, para proporcionar información sobre os/as seus/súas fillos/as.
2. Aportarán información, de ser o caso, nas avaliacións psicopedagóxicas, nos termos que estableza a xefatura de departamento.

Os centros docentes, pola súa parte, promoverán as medidas que correspondan para que as familias podan recibir información e asesoramento sobre a labor educativa e a situación do proceso de aprendizaxe do seu /súa fillo/a. As canles de colaboración centro-familias serán:

1. Reunión inicial co profesorado titor para proporcionar información xeral as familias ao principio de curso e información individualizada, en calquera outro momento e con calquera docente, solicitando previamente cita, usando Abalar, correo electrónico e/ou aula virtual.
2. Comunicación xeral de información na web do centro e entrevista persoal individualizada para explicar e comunicar as posibles actuacións no caso de detectar dificultades.
3. O departamento de orientación informará aos pais sobre a avaliación psicopedagóxica e das medidas de atención á diversidade que se adopten.

## **9- PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.**

Para a aplicación das medidas extraordinarias, será necesaria a autorización da dirección de centro educativo, do Servicio da Inspección, e da Xefatura Territorial ou da Dirección Xeral que proceda.

A familia sempre será informada e nos casos que proceda, o centro recollerá por escrito, a súa conformidade ou non, sobre a medida proposta.

## **10- PROCESO DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.**

O seguimento e avaliación do Plan realizarase cada curso académico recollendo resultados e propostas de mellora na memoria final.